

A historia da “flor de esplendor vermello”, rebautizada polos españois co nome de Flor de Santiago, é o fío argumental do libro escrito pola arquitecta Ruth Varela

Vía Láctea Comunicación / 19 Decembro, 2017

A autora: “É unha flor sagrada para os aztecas, que a partir do século XVI vai converterse en obxecto de culto entre as elites europeas, en sinal de espiritualidade, de cultura, de gusto e de distinción”

A publicación, coeditada polo Colexio de Arquitectos de Galicia e a editorial Flor de Santiago, presentouse hoxe no Paraninfo da USC

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia presentou hoxe o libro “Flor de Santiago”, escrito pola arquitecta e investigadora Ruth Varela e coeditado polo Colexio profesional e a editorial Flor de Santiago. O acto, que se celebrou no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela (USC), contou coas intervencións do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo; o vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa da USC, Roberto López; o decano do Colexio de Arquitectos, Antonio Maroño; o secretario Primeiro da Comisión de Cultura do Congreso dos Deputados, Miguel Anxo Fernán Vello; a concelleira de Acción Cultural de Santiago, Branca Novoneyra; e o responsable da Comisión de Cultura do Colexio de Arquitectos de Galicia, Cristóbal Crespo; ademais da propia autora Ruth Varela. Asistiron tamén outros representantes dos ámbitos político, cultural e docente.

O libro narra unha historia de gran poder significativo que nunca foi contada, a historia dunha flor, e sobre todo do seu nome, bautizada polos españois como *Flor de Santiago*, denominación que é froito do intercambio cultural, científico e relixioso, que comeza no século XVI, entre México, España e Galicia. “A Flor de Santiago é unha das flores de maior beleza e pregnancia simbólica do reino das plantas, unha flor sagrada para os aztecas, que a partir do século XVI vai converterse en obxecto de culto entre as elites europeas, en sinal de espiritualidade, de cultura, de gusto e de distinción” –sinala–.

A Flor de Santiago, a *atzcalxōchitl* azteca, é un símbolo da relación entre América e Europa e, en particular, entre México e España, entre *Nueva Galicia* e Galicia, entre a cidade mexicana de *Compostela* e a cidade galega de Santiago de Compostela, e entre un gran número de poboacións europeas e americanas que incorporan ao seu topónimo o nome de Santiago.

O título deste libro pode resultar en principio pouco familiar para a maioría dos lectores, esquecido como estaba tras o fragor de seculares batallas nominativas. Como exemplo destas batallas, basta dicir que non é casual que no ámbito científico a *Flor de Santiago* sexa coñecida hoxe como *Sprekelia formosissima*, un binomio imposto polas elites botánicas luteranas, ansiosas por ocultar toda referencia a Santiago, xa que segundo explica Ruth Varela non hai que esquecer aquí que o mundo natural era considerado “emanación e símbolo dunha realidade trascendente” e que o exercicio de nomear as plantas realizábase en continuidade coa obra da divindade creadora.

Coñecidas estas premisas é doado pensar que a palabra Santiago, asociada ao nome común dunha flor cruciforme e de tan extraordinaria beleza, non podía pasar desapercibida. “Cal é o significado da Flor de Santiago? Por que se escolle este peculiar apelativo? Por que o nome común Flor de Santiago consegue pervivir ata hoxe na memoria simbólica da cultura mexicana, europea e galega? Dase resposta na publicación, onde se conta a historia da fermosa *atzcalxōchitl*, a «flor de esplendor vermello», unha flor sagrada para os aztecas que foi descuberta e rebautizada polos españois co nome de *Flor de Santiago*” —explicou a autora—.

A fermosa *atzcalxōchitl* que irmanda México e Galicia

Atzcalxōchitl é unha flor que viaxa de México a España no século XVI e que incorpora á súa denominación europea o nome de Santiago; un apelativo universal e ecuménico que ilumina o imaxinario simbólico de Europa e de América, de Galicia e de México; da Compostela galega e daqueloutra Compostela fundada polos españois no Reino de Nueva Galicia, no occidente do México antigo.

A Flor de Santiago é unha flor exótica, solitaria e maxestosa de extraordinaria beleza pero tamén, e sobre todo, é un elemento de comunicación simbólica grazas a súa cor vermella e a súa inusual forma en cruz. O nome orixinal en lingua *nāhuatl*, *atzcalxōchitl*, é a primeira referencia simbólica desta flor, que estivo presente nos grandes centros cerimoniais de Mesoamérica, como no Cerro de la Estrella, e nos Xardíns Botánicos Reais, como o de Moctezuma II.

Descubrir a orixe e o significado do nome europeo desta flor foi un dos obxectivos desta obra; unha viaxe de exploración histórica que desvela que detrás de cada nome botánico existe, non soamente unha determinada visión do mundo, senón tamén un fascinante relato cultural. “*Atzcalxōchitl*, a *Flor de Santiago*, é unha flor rodeada de memoria, de historia, de misterios e de beleza; un suxeito histórico apaixonante, moldeado, no seu berce simbólico, pola sabedoría poética dos pobos indíxenas do México antigo” —manifestou Ruth Varela—.

Máis de dez anos de investigación onde a autora revisou máis de 5.000 fontes bibliográficas de preto de 300 repositorios, bibliotecas e arquivos

A publicación, unha edición de luxo concebida para agasallo, conta con máis de 150 ilustracións, entre as que destacan os fermosos códigos mesoamericanos, a cartografía, e

as fotografías e láminas da Flor de Santiago. O conxunto das imaxes permite trazar un discurso visual, que se entrelaza co textual, e que despois de achegarnos á cultura mesoamericana entra en Europa polo porto de Sevilla e remata na cidade de Compostela.

A obra conta cun innovador deseño gráfico realizado pola cooperativa italiana Alpaca, con sede en Ferrara. A tipografía seleccionada para o texto, Zenon, unha interpretación contemporánea de obras mestras da tipografía do renacemento, é unha fonte de alta lexibilidade concebida para ofrecer unha lectura plácida e sen fatiga visual.

O libro é o resultado dun extenso traballo de investigación que se prolongou durante dez anos e nos que a autora revisou máis de 5.000 fontes bibliográficas de preto de 300 repositorios, bibliotecas e arquivos. Máis de 40 bibliotecas e museos, públicos e privados, de Europa e América, –España, Italia, Francia, Reino Unido, Bélxica, Austria, Polonia, Estados Unidos, Canada e México– cederon imaxes dos seus arquivos; algunhas delas inéditas. Ademais a obra incorpora 16 imaxes e debuxos inéditos pertencentes ao arquivo do proxecto cultural Flor de Santiago e realizados en exclusiva para esta ocasión.

Proxecto cultural Flor de Santiago

O proxecto Flor de Santiago é un proxecto cultural con vocación de excelencia que nace a partir do descubrimento da fermosísima Flor de Santiago, do que é autora a arquitecta e investigadora compostelá Ruth Varela. O obxecto do proxecto é recuperar e valorizar un legado singular e de gran riqueza significativa para o conxunto do patrimonio cultural inmaterial de Santiago de Compostela, de Galicia, de España e de México, e está vencellado á marca Flor de Santiago e ten a súa sede en Santiago de Compostela, en *Rúa das Ameas, s/n*, e o seu sitio web en <https://www.flordesantiago.com>.

Sobre a autora

Ruth Varela é unha arquitecta e investigadora compostelá especializada en arquitectura efémera e en proxectos culturais. Os seus proxectos teñen recibido, entre outros, o recoñecemento do xurado francés nas XVIII Journées Européennes du Patrimoine e catro Premios COAG. Asemade, como investigadora obtivo o Premio á Investigación 2004 da Deputación de Pontevedra. No ano 2007 descobre a Flor de Santiago e inicia unha liña de investigación sobre esta flor. En paralelo, crea, xunto a un grupo de colaboradores, o proxecto cultural Flor de Santiago.

No eido do deseño ten colaborado con prestixiosos deseñadores como o tipógrafo italiano Luciano Perondi. Neste mesmo ámbito ten desenvolvido a identidade visual da marca Flor de Santiago, así como as coleccións de xoiaría de autor, textil e marroquinaría.

Foi colaboradora da Fundación Luís Seoane, na etapa dirixida por Alberto González Alegre. Como investigadora está vencellada á Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade do País Vasco e ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

Características técnicas da publicación

- Edición en galego
- Publicación Outubro 2017
- 256 páxinas
- 151 figuras a toda cor

- Adquisición de exemplares en librerías especializadas e na sede de Flor de Santiago, en rúa das Ameas, s/n de Santiago de Compostela. Ademais de nos respectivos sitios web: <http://portal.coag.es/> e <https://www.flordesantiago.com>.



19 Decembro, 2017 in Arquitectos.

Artigos relacionados